

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN09	Hixiene bucodental	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0737	Prótese e ortodoncia	2025/2026	0	157	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	CRISTINA VIDAL GONZÁLEZ, PAULA SUÁREZ LÓPEZ (Subst.)
Outro profesorado	PAULA SUÁREZ LÓPEZ

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Cobre a ficha clínica identificando os rexistros diagnósticos en prótese e ortodoncia
RA2 - Prepara equipamentos e materiais para tomas de impresión e comproba os resultados obtidos, tendo en conta a relación entre a técnica e o tipo de prótese
RA3 - Planifica a elaboración do modelo e os rexistros de oclusión, tendo en conta a relación das técnicas de traballo co tipo de modelo e co rexistro demandado
RA4 - Comproba a adaptación e determina a conservación da prótese, tendo en conta a relación entre o resultado final e as necesidades da persoa usuaria
RA5 - Define o procedemento de axuda ao tratamento, tendo en conta a relación entre as características fisiopatolóxicas da persoa usuaria e as características do aparello de ortodoncia que se vaia implantar
RA6 - Adapta o aparello de ortodoncia e define o seu protocolo de conservación, interpretando técnicas de axuste e mantemento

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Descríbóronse os tipos de próteses removibles completas, parciais e fixas
CA1.2 Clasificouse a documentación relativa ao/á paciente do tratamento en curso
CA1.4 Descríbóronse as características anatómicas, funcionais e sociais do/da paciente edéntulo/a ou parcialmente edéntulo/a
CA1.5 Relacionáronse as alteracións do/da paciente con patoloxía esquelética e dentaria
CA1.6 Defíníronse as funcións e as características dos medios diagnósticos fotográficos, radiográficos e informáticos
CA2.1 Descríbóronse as características dos materiais e do instrumental para a toma de impresións

Crterios de avaliación do currículo
CA2.2 Relacionáronse os tipos de materiais e o instrumental coas características da toma de impresión
CA2.5 Identificáronse os erros máis frecuentes na toma de impresións
CA3.1 Enumeráronse as características dos materiais e do instrumental empregados para a confección e o estudo do molde
CA3.2 Enumeráronse as características dos materiais empregados para a obtención de rexistros de oclusión
CA4.1 Describíronse as características técnicas das próteses removibles completas, parciais e fixas
CA4.2 Determináronse as características da adaptación protésica
CA4.6 Identificouse a información necesaria para o bo uso e a hixiene correcta da prótese
CA4.7 Elaborouse un plan de acomodación á prótese dental
CA4.8 Estableceuse un protocolo na atención de urxencias protésicas
CA5.1 Definíronse as características técnicas dos distintos dispositivos ortodónticos ou ortopédicos
CA5.2 Enumeráronse as características anatómicas, fisiopatolóxicas oclusais e sociais que cumpra valorar nun/nunha paciente ou persoa usuaria
CA5.3 Interpretáronse odontogramas e outros rexistros de cara a realizar o tratamento ortodóntico ou ortopédico indicado
CA5.4 Rexistrouse a información obtida do estado de saúde do/da paciente ou da persoa usuaria no soporte correspondente
CA5.5 Relacionáronse coa exploración clínica a documentación fotográfica, as radiografías, as cefalometrías e os modelos
CA5.6 Relacionouse o estado de saúde do/da paciente coas características do aparello que se vaia implantar
CA6.1 Seleccionouse o instrumental, o equipamento e os materiais para a colocación e a retirada dos dispositivos ortodónticos
CA6.3 Definíronse os métodos complementarios de rehabilitación oclusal
CA6.5 Determinouse o protocolo de hixiene bucodental domiciliaria en dispositivos fixos e/ou removibles

Criterios de avaliación do currículo

CA6.6 Definíronse as accións que cumpra realizar no proceso de adaptación segundo a idade e a capacidade dos/das pacientes ou as persoas usuarias

CA6.7 Describíronse estratexias para a realización autónoma da súa actividade

CA6.8 Estableceuse un protocolo na atención de urxencias ortodónticas

2.2. Segunda parte da proba**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA1 - Cobre a ficha clínica identificando os rexistros diagnósticos en prótese e ortodoncia

RA2 - Prepara equipamentos e materiais para tomas de impresión e comproba os resultados obtidos, tendo en conta a relación entre a técnica e o tipo de prótese

RA3 - Planifica a elaboración do modelo e os rexistros de oclusión, tendo en conta a relación das técnicas de traballo co tipo de modelo e co rexistro demandado

RA4 - Comproba a adaptación e determina a conservación da prótese, tendo en conta a relación entre o resultado final e as necesidades da persoa usuaria

RA5 - Define o procedemento de axuda ao tratamento, tendo en conta a relación entre as características fisiopatolóxicas da persoa usuaria e as características do aparello de ortodoncia que se vaia implantar

RA6 - Adapta o aparello de ortodoncia e define o seu protocolo de conservación, interpretando técnicas de axuste e mantemento

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**Criterios de avaliación do currículo**

CA1.3 Interpretáronse documentos de rexistro da patoloxía oral de cara a realizar o diagnóstico e restauración indicados

CA1.7 Asociouse o protocolo de actuación a cada técnica

CA1.8 Rexistráronse os datos máis significativos da ficha clínica protésica

Crterios de avaliación do currículo
CA1.9 Rexistrouse o seguimento do tratamento finalizado
CA2.3 Establecéronse os protocolos para a toma de impresión
CA2.4 Aplicáronse as normas de seguridade e hixiene dirixidas ao/á paciente e ao/á profesional
CA2.6 Comprobose que a impresión obtida satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade
CA2.7 Aplicáronse os protocolos de desinfección, envasamento e etiquetaxe do produto para proceder á súa embalaxe e á súa entrega
CA2.8 Elaborouse un informe do proceso que permita comprobar a rastrexabilidade dos materiais utilizados
CA3.3 Seleccionáronse os tipos de materiais e de instrumental para a elaboración do molde e o rexistro de mordida
CA3.4 Establecéronse os protocolos de actuación en cada técnica
CA3.5 Comprobose que as reproducións obtidas satisfagan os criterios de calidade
CA3.6 Tipificáronse as condicións de envío ao laboratorio dos rexistros obtidos, para a súa finalización protésica segundo prescricións do facultativo
CA3.7 Elaborouse un informe do proceso que permita comprobar a rastrexabilidade dos materiais utilizados
CA3.8 Clasificáronse os residuos xerados para a súa retirada selectiva
CA3.9 Cumpriuse a normativa de prevención de riscos laborais e de protección ambiental nas operacións realizadas
CA4.3 Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para o deseño de próteses dentais
CA4.4 Seleccionáronse as probas de verificación en función do tipo de próteses
CA4.5 Comprobose a retención e estabilidade da prótese
CA5.7 Determináronse as actuacións de axuda para o tratamento, a partir de rexistros diagnósticos específicos
CA5.8 Relacionáronse as repercusións do tratamento ortodóntico na vida cotiá

Crterios de avaliación do currículo

CA6.2 Utilizáronse aplicacións informáticas para o axuste dos dispositivos terapéuticos

CA6.4 Realizáronse operacións de mantemento dos aparellos ortodónticos

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Considéranse mínimos esixibles aqueles criterios de avaliación imprescindibles para garantir a adquisición das competencias básicas do módulo de Prótese e Ortodoncia, tomando como referencia a programación didáctica do presente curso académico.

RA1. Cobre a ficha clínica identificando os rexistros diagnósticos en prótese e ortodoncia

Considéranse mínimos esixibles os seguintes criterios de avaliación:

CA 1.1 Describir os tipos de próteses removibles completas, parciais e fixas.

CA 1.3 Interpretar documentos de rexistro da patoloxía oral.

CA 1.4 Describir as características anatómicas e funcionais do paciente edéntulo ou parcialmente edéntulo.

CA 1.6 Definir as funcións dos medios diagnósticos fotográficos e radiográficos.

CA 1.8 Rexistrar os datos significativos na ficha clínica protésica.

RA2. Prepara equipamentos e materiais para tomas de impresión

Considéranse mínimos esixibles:

CA 2.1 Describir os materiais e instrumental para a toma de impresións.

CA 2.3 Establecer os protocolos básicos para a toma de impresión.

CA 2.5 Identificar erros frecuentes na toma de impresións.

CA 2.6 Comprobar a calidade da impresión obtida.

CA 2.7 Aplicar protocolos de desinfección, envasamento e etiquetaxe.

RA3. Planifica a elaboración de modelos e rexistros de oclusión

Considéranse mínimos esixibles:

- CA 3.1 Identificar os materiais e instrumental empregados na confección de modelos.
- CA 3.3 Seleccionar materiais e instrumental para rexistros de mordida.
- CA 3.5 Comprobar a calidade dos rexistros obtidos.
- CA 3.8 Clasificar os residuos xerados.

RA4. Comproba a adaptación e determina a conservación da prótese

Considéranse mínimos esixibles:

- CA 4.1 Describir as características técnicas das próteses removibles e fixas.
- CA 4.5 Comprobar a retención e estabilidade da prótese.
- CA 4.6 Identificar a información necesaria para o uso e hixiene da prótese.
- CA 4.8 Establecer actuacións básicas ante urxencias protésicas.

RA5. Define o procedemento de axuda ao tratamento ortodónico

Considéranse mínimos esixibles:

- CA 5.1 Definir as características dos dispositivos ortodónticos.
- CA 5.3 Interpretar odontogramas e rexistros diagnósticos.
- CA 5.5 Relacionar documentación radiográfica e fotográfica co diagnóstico.
- CA 5.7 Determinar actuacións básicas de axuda ao tratamento.

RA6. Adapta o aparello de ortodoncia e define o seu protocolo de conservación

Considéranse mínimos esixibles:

- CA 6.1 Seleccionar instrumental e material para dispositivos ortodónticos.
- CA 6.4 Realizar operacións básicas de mantemento.
- CA 6.5 Determinar o protocolo de hixiene bucodental domiciliaria.
- CA 6.8 Establecer actuacións básicas ante urxencias ortodónticas.

2. Cualificación final do módulo

A cualificación final do módulo profesional obtérase mediante a media aritmética das cualificacións acadadas na proba escrita e na proba práctica, sempre que ambas sexan superadas cunha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

No caso de non superar algunha das dúas probas, considerarase non superado o módulo profesional, non realizándose a media aritmética das cualificacións.

De acordo coa normativa vixente, no caso de non superar a proba práctica, a cualificación final máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

A primeira parte terá carácter eliminatorio e consistirá na realización dunha proba escrita, destinada a avaliar unha mostra representativa dos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica para esta fase.

A proba poderá incluír preguntas de opción múltiple (tipo test), preguntas de resposta curta ou unha combinación de ambas modalidades, en función dos contidos e capacidades que se pretendan valorar.

No caso das preguntas tipo test, cada cuestión contará con catro opcións de resposta, das cales só unha será correcta.

A cualificación desta parte expresarase nunha escala de 0 a 10 puntos, con ata dous decimais. Para superar esta fase será necesario obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Sistema de corrección da proba

Nas preguntas de opción múltiple (tipo test), cada resposta correcta sumará a puntuación correspondente, mentres que cada resposta incorrecta penalizará cun desconto equivalente a un terzo do valor dunha resposta correcta (1/3).

As respostas non contestadas non serán penalizadas, nin sumarán puntuación.

A proba poderá incluír preguntas de reserva, que deberán ser respondidas do mesmo xeito que o resto das cuestións, e que serán utilizadas unicamente no caso de anulación dalgunha das preguntas principais.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

Para a realización da proba, as persoas aspirantes deberán dispoñer dos seguintes elementos:

- Bolígrafo de tinta azul ou negra.
- Documento oficial acreditativo da identidade (DNI ou pasaporte).

Duración da proba

A duración da proba teórica será dun máximo de 2 sesións, cunha duración total de 120 minutos.

Normas de realización

Durante o desenvolvemento da proba deberán cumprirse as seguintes normas:

- Non se permitirá o acceso á aula con teléfonos móbiles acendidos nin reloxos intelixentes, nin con calquera outro dispositivo electrónico non autorizado.
- As preguntas consideradas de reserva deberán ser respondidas do mesmo xeito que o resto das preguntas, co fin de substituír posibles cuestións anuladas.
- A resposta correcta deberá rodearse cun círculo. No caso de erro ao marcar unha opción, esta deberá tacharse cunha cruz, sinalando posteriormente a resposta considerada válida.
- Non se permitirá o acceso á aula unha vez iniciada a proba, salvo causa debidamente xustificada e autorizada pola comisión de avaliación.
- Queda prohibido retirar ou sacar o exame fóra da aula.
- As persoas aspirantes deberán manter en todo momento unha conduta adecuada e respectar as normas de seguridade e funcionamento da aula durante a realización da proba.

4.b) Segunda parte da proba

A segunda parte terá carácter eliminatorio e consistirá na realización de catro supostos prácticos relacionados co módulo de Prótese e Ortodoncia, nos que se integrarán diversos criterios de avaliación establecidos na programación didáctica.

Cada suposto práctico desenvolverase seguindo unha ficha guía, que será entregada á persoa aspirante ao inicio da proba, e na que se indicarán as actividades e tarefas que deberán realizarse.

Durante o desenvolvemento da proba, o profesorado responsable realizará o seguimento directo das tarefas, rexistrando nunha folla de avaliación o grao de consecución das distintas actividades propostas, de acordo cos criterios previamente establecidos.

Cada suposto práctico será cualificado nunha escala de 1 a 10 puntos, sendo necesario obter unha puntuación mínima de 5 puntos en cada un dos supostos para superar esta parte da proba.

No caso de acadar unha puntuación igual ou superior a 5 puntos en cada suposto práctico, a cualificación final da proba práctica obterase mediante a media aritmética das puntuacións obtidas nos catro supostos.

Instrumentos necesarios para o seu desenvolvemento

Para a realización da proba práctica, as persoas aspirantes deberán dispoñer dos seguintes elementos:

- Bolígrafo de tinta azul ou negra.
- Documento oficial acreditativo da identidade (DNI ou pasaporte).
- Camisa ou bata de traballo, adecuada para o desenvolvemento das actividades prácticas.

Todo o material técnico necesario para o desenvolvemento dos supostos prácticos será proporcionado polo centro educativo.

Duración da proba

A duración da proba práctica será dun máximo de 2 sesións, cunha duración total de 120 minutos.

Normas de realización

Durante o desenvolvemento da proba práctica deberán cumprirse as seguintes normas:

- Non se permitirá o acceso á aula con teléfonos móbiles acendidos nin reloxos intelixentes, nin con outros dispositivos electrónicos non autorizados.
- Será obrigatorio o uso de bata ou roupa de traballo, mantendo en todo momento unhas condicións adecuadas de orde e seguridade.
- As persoas aspirantes deberán seguir as indicacións organizativas do profesorado responsable, respectando as normas de funcionamento do espazo de traballo.
- O incumprimento das normas básicas de seguridade, hixiene ou uso do material poderá supoñer a finalización anticipada da proba, sendo cualificada a parte correspondente con 0 puntos, de acordo coa normativa vixente.
- Non se permitirá o acceso á aula unha vez iniciada a proba, salvo causa debidamente xustificada.